



CIRCULAR INFORMATIVA 2/2020

1. FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO 2020: 28 DE FEBREIRO

A Xunta de Goberno acordou na sesión do pasado 07.01.2020 fixar como data para celebrarmos a festividade de San Raimundo de Peñafort o vindeiro **venres, 28 de febreiro**. A continuación adiantamos un programa provisional cos actos previstos:

Programa provisional San Raimundo de Peñafort, 28.02.2020

- 18.00 h Misa na Igrexa de San Paio de Antealtares, que se aplicará en lembranza dos compañeiros finados (rúa de San Paio de Antealtares, 23 —acceso por lateral Casa da Parra, praza da Quintana).
- 19.00 h Actos solemnes no Salón Nobre do Pazo de Fonseca:
- ❖ Entrega das **medallas de ouro** do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela
 - ❖ Entrega do **XI Premio de Dereitos Humanos**
 - ❖ Entrega de **diplomas** aos letrados e letradas que cumpren **25 anos de exercicio** profesional
 - ❖ **Xura ou promesa** de novos letrados e letradas
- 20.30 h Viño de honra no claustro do Pazo de Fonseca
- 22.00 h Cea-baile (lugar por determinar)

En próximas circulares remitiremos o programa definitivo.

2. NOVIDADES NA BIBLIOTECA ON LINE DE SEPÍN NA PÁXINA WEB DO COLEXIO

Consultar na seguinte ligazón: <https://www.sepin.es/biblioteca-online/>